

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*RESOLUCIÓN do 13 de xuño de 2011 pola que se fai pública a ampliación do límite de crédito dispoñible para o ano 2011 para a concesión das axudas financeiras solicitadas ao abeiro das bases reguladoras das axudas do Igape para o apoio financeiro aos investimentos das pequenas e medianas empresas de Galicia financiados con fondos do Instituto de Crédito Oficial (ICO) ao abeiro de determinadas liñas ICO 2010, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Igape e as entidades financeiras.*

Mediante Resolución do 23 de novembro de 2010 publicouse o acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica que aprobou as bases reguladoras das axudas do Igape para o apoio financeiro aos investimentos das pequenas e medianas empresas de Galicia financiados con fondos do Instituto de Crédito Oficial (ICO) ao abeiro de determinadas liñas ICO 2010, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Igape e as entidades financeiras (DOG n.º 230, do 30 de novembro) e que foron modificadas mediante Resolución do 20 de xaneiro de 2011 (DOG n.º 15, do 24 de xaneiro).

Na dita Resolución do 23 de novembro de 2010, no seu número cuarto, establécese a súa dotación orzamentaria, así como que o director xeral do Igape poderá ampliar os créditos e modificar as partidas orzamentarias, logo de declaración de dispoñibilidade dos créditos nos termos referidos no artigo 30.2.º do Decreto 11/2009, mediante resolución publicada para o efecto.

As pequenas e medianas empresas atravesan un difícil momento non alleo á situación internacional debido, fundamentalmente, a caída da demanda e ao incremento dos tipos de xuro, e aquelas que fixeron un esforzo por redimensionar a súa capacidade produtiva mediante a realización de investimentos e na mellora dos seus medios de produción e que se viron obrigadas a contraer obrigas con entidades bancarias vense particularmente afectadas por esta situación.

Tendo en conta o volume de solicitudes recibidas e tratando de dar resposta á ampla demanda de axuda, parece oportuno incrementar o importe aprobado para as axudas establecidas nestas bases.

Na súa virtude, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Único. Amplíase en 1.100.000 € para o exercicio 2011 o crédito establecido na partida orzamentaria 20.02-E5/10/01-656700 para as bases reguladoras das axudas do Igape para o apoio financeiro aos investimentos das pequenas e medianas empresas de Galicia financiados con fondos do Instituto de Crédito Oficial (ICO) ao abeiro de determinadas liñas ICO 2010, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Igape e as entidades financeiras, publicadas mediante Resolución do 23 de novembro de 2010 (DOG n.º 230, do 30 de novembro) e modificadas mediante Resolución do 20 de xaneiro de 2011 (DOG n.º 15, do 24 de xaneiro).

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2011.

P.D. (Acordo 1.6.2011, DOG n.º 113, do 14 de xuño)  
Francisco Javier Álvarez Barbeito  
Secretario xeral do Instituto Galego de Promoción Económica